



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 10 DE

DECEMBRO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dez de decembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste e presenta escusa don Santiago Manuel Rios Rama.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 26 de novembro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia.

- Escrito da excma. Deputación provincial da Coruña, sección de Servizos Sociais, rexistrado de entrada con data do día 5 de decembro de 2012, co número 16.518, no que comunica que se concedeu a subvención para “políticas de igualdade entre mulleres e homes” e “loita contra a violencia de xénero”, obxecto da subvención “Concilia Cambre”, por importe de 19.335,00 euros, segundo a convocatoria publicada no BOP número 35, de 20 de febreiro de 2012, correspondente ao exercicio 2012.

- Escrito da excma. Deputación provincial da Coruña, servizo Xestión de plans, sección Plans provinciais, rexistrado de entrada con data do día 5 de decembro de 2012, co número 16.507, ao que achega circular para elaborar o plan de obras e servizos adicional 1/2012, praa concellos con baixas de licitación nas obras do POS 2012 e con obras no plan complementario.

- Anuncio da excma. Deputación provincial da Coruña, servizo de Fomento e Servizos Provinciais, sección de Educación, Cultura e Deportes respecto da convocatoria para a participación na programación da rede cultural da Deputación da Coruña para o ano 2013. (Boletín Oficial da Provincia número 233, de data 7 de decembro de 2012).

- Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 233, de data do día 7 de decembro de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o prazo para inscribirse nas escolas das actividades físicas e saúde 2013 é dende o día de hoxe 10 de decembro ata o día 21 de decembro.

Tamén informa que o vindeiro domingo día 16 de decembro no pabillón de deportes “Sofía Toro” terá lugar a campaña de recollida de xoguetes pola compañía “Sai bai”, mediante unha exhibición de artes marciais na que o pago das entradas consistirá na donación dun xoguete.

Igualmente informa que o prazo para inscribirse para a viaxe á neve 2012 á estación de esquí de Astún (Pirineos) é dende o día 10 ao 14 de decembro de 2012.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que xa se contratou o pechamento da pista de skate e que se poñerá un valo metálico.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que a semana pasada remataron as probas de selección do alumnado para os obradoiros de emprego, que comencarán antes do 15 de decembro. O proceso de selección realizouse de conformidade coas bases do Servizo Público de Emprego de Galicia. Seleccionáronse 25 alumnos, 5 docentes, 1 conserxe e 1 director de emprego.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa respecto das obras pendentes e manifesta que deberían quedar rematadas esta semana, entre elas o campo da feira e o parque infantil do Graxal.

A continuación, informa que o día 6 de decembro se acendeu a iluminación do Nadal e manifesta que hai cambios respecto de anos anteriores, por exemplo, se adornaron as árbores do parque Ramón Barba.

Informa, así mesmo, que xa se está avanzando no POS e xa se fixeron moitas avaliacións.

Don Manuel Marante Gómez informa está en trámite a autorización por parte de augas de Galicia para levantar un dique na carretera Cela-Carral, para evitar que volva a producirse outro deslizamento de terreo debido á subida de caudal do Río Mero.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocío Vila Díaz informa que se está a pensar en executar o aval ao promotor responsable das obras de urbanización das rúas Pintor Lucio Muñoz e Pablo Manzano se non se atén a executalas, pois, recorda, a obra aínda esté sen recepcionar.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que a semana pasada, durante os días 3 ao 6 de decembro, estivo no evento final do proxecto Elcanet que tivo lugar na cidade italiana de Ravenna, no que se elaboraron as conclusións deste proxecto, as cales se publicarán a través da web. Manifesta que o Concello de Cambre non participará na segunda parte deste programa dado que non conta con persoal suficiente para continualo e agora mesmo teñen outras prioridades. Engade que, se as circunstancias cambian, queda a porta aberta para seguir participando neste programa.

Sinala que coincidiron cunha exconcelleira que participou tamén neste evento e que ao un dos diplomas foi para ela.

Engade que o Concello non tiña coñecemento disto e que presentarán unha queixa formal ante a Unión Europea, para os efectos de coñecer a quen representaba e o porqué do diploma.

Para rematar, dona Maria Jesús González Roel informa que a “operación quilo”, a cal se está a realizar en colaboración coa agrupación de voluntarios de Protección Civil, está a funcionar ben.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que por motivos persoais, don Santiago Manuel Rios Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, estará ausente por tempo indefinido, polo que avocará as súas funcións.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

